



## ***O papel educativo dos movementos sociais en España, entre o tardofranquismo e a transición democrática (1956-1982)***

***(The educational role of social movements in Spain during the late Franco regime and Transition to democracy) (1956-1982)***

*Antonio ROJAS SAMPEDRO  
Facultade de Ciencias da Educación  
Universidade de Santiago de Compostela*

RESUMO: Na España do tardofranquismo e da Transición á democracia a poboación atopouse cada vez con máis espazos de sociabilidade en que estaban implicados activistas anti-franquistas ou simplemente persoas que buscaban un cambio para establecer unha cultura democrática no conxunto da sociedade. Estes espazos agromaron a través dos diferentes movementos sociais que se deron nos ambientes universitarios e nos grandes conflitos obreiros, mais tamén noutros contextos como foi o movemento cidadán. Estes movementos sociais fóronse transformando en actores políticos, sociais e culturais ata converterse, mediante procesos de participación comunitaria, en espazos de educación cívica protagonistas dunha *transición invisible*; un proceso mediante o cal as persoas comezaban a interrogarse sobre a súa realidade como paso primeiro para a súa transformación. Podemos examinar este proceso á luz da educación social, e, incluso, tomando en consideración a teorización freiriana sobre os procesos dialóxicos de concienciación social comunitaria. Esta práctica educativa realizábase a través dun proceso dialóxico que incorpora a acción e a reflexión en comunidade.

PALABRAS CHAVE: pedagogía social; democracia; participación cidadá; cambio social; movementos sociais.

ABSTRACT: During the final decades of the Franco regime and subsequent Transition to democracy, people in Spain found themselves with increasing access to social spaces in which to convert their anti-Franco sentiment into actions or simply to seek change for a more democratic society. These spaces emerged around the increasingly influential university, labour and citizens movements in the country, and by processes of community participation became spaces of civic education for an 'invisible transition' by the people, in which critical questioning of the prevailing reality marked a first step towards transforming it. This article examines the process in the light of Freire's theory of social pedagogy and the dialogical processes of community social awareness, action and reflection.

KEYWORDS: social pedagogy; democracy; citizen participation; social change; social movements.

### **Poden os movementos sociais ter unha virtualidade educadora?**

Este é o interrogante que formulamos a propósito da funcionalidade diversa que tiveron os movementos sociais que se foron conformando en España no tempo do franquismo, particularmente desde finais dos pasados anos cincuenta e que chegaron a vertebrar unha parte da vida colectiva durante o tempo chamado da Transición. É obxectivo da presente contribución describir de modo panorámico como se constituíron e desenvolveron estes movementos sociais, a partir da presentación do estado da cuestión desde o punto de vista da investigación histórica e da socioloxía histórica, co propósito de fixarmos a nosa atención na súa vertente e virtualidade educadora.

Pretendemos, pois, sinalar e resaltar que os movementos sociais constituídos en España arredor de distintas demandas sociais, como espazos de loita e de sociabilidade, tamén o foron como espazos de debate, de aprendizaxe e de proposta de resolución de conflitos: espazos de educación social que fixeron posible enriquecer as dimensións política e a moral das persoas participantes, tendo como horizonte a busca dunha cidadanía democrática.

Esta percepción do valor educativo dos espazos sociais de debate, de problematización, de análise e de proposicións pode vir favorecida ao tomar en consideración a elaboración conceptual freiriana que nos seus textos fundacionais a *Pedagogía do oprímido* e *A educación como práctica da liberdade* introduciu os conceptos de educación/pedagogía crítica, concientización, emancipación, estratexia dialóxica (os procesos de concientización son dialóxicos: se os conflitos son analizados, convértense en estratexias de educación e, neste caso, de educación cívica).

A Teoría educativa crítica, e con ela unha pedagogía social crítica, pretende elaborar unha conexión entre a educación e a estrutura social e faino con carácter reflexivo, isto é, propoñendo unha crítica ideolóxica da realidade educativa e das prácticas que nela se realizan coa intención de promover, mediante procesos de reflexión e de concientización, a *emancipación* dos individuos, co motivo de lograr a transformación da realidade, ao superar as contradicións sociais que impiden a súa evolución. Neste sentido, a pedagogía social crítica busca a transformación da realidade e a concientización:

se parte del principio de que las formas individuales de comportamientos disociales y las estructuras sociales de una sociedad determinada, tienen entre sí una dependencia funcional; de ahí que la Pedagogía Social como concepto social y crítico, analice, en un primer paso, las estructuras sociales y, en un segundo paso, intente cambiarlas de una manera pedagógicamente responsable para evitar o minimizar estas causas.<sup>1</sup>

---

<sup>1</sup> Gloria Pérez Serrano, *Pedagogía social-educación social: construcción científica e intervención práctica* (Madrid: Narcea, 2003), 50.

Nesta liña de pensamento, para Freire<sup>2</sup> a educación é a praxe con que se pretende a *práctica da liberdade*. Nas sociedades en que a dinámica estrutural leva á dominación das consciencias e a pedagogía dominante se converte, a través de métodos de opresión, na pedagogía das clases dominantes, a educación como práctica para a liberdade cobra, máis que nunca, ese significado.

A educación para Paulo Freire é aquela que nace *das* comunidades e non *para* as comunidades, de tal maneira que os camiños de liberación teñen que ser os que establecen os propios oprimidos mediante procesos dialóxicos e de ánimo crítico e non aqueles que lles son externos ou que non implican iniciar un proceso de descubrimento persoal —e grupal— para adquirir consciencia e, así, poder pasar a ser suxeitos do seu propio destino.

Podemos falar, daquela, con Freire dunha educación para a *domesticación* ou dunha educación para a *liberdade*: dunha educación para o *home-obxecto* ou dunha educación para o *home-suxeito*. Freire defende esta última, o que implica a construción dunha sociedade capaz de iniciar procesos para espertar a consciencia crítica —*conscientización*— e a autorreflexión e, deste modo, facer posible que as propias comunidades non actúen como espectadores da súa historia, senón que participen como actores e autores do seu propio destino.<sup>3</sup>

Neste sentido, para o pedagogo brasileiro os movementos sociais xogan un papel relevante en canto a “conscientización como acceso à consciência da opressão”.<sup>4</sup> Para Freire o ser humano é un suxeito histórico inacabado, capaz de establecer a transformación da realidade mediante a organización, a través dos movementos sociais e populares. A educación, pois, convértese nun instrumento polo cal as clases subalternas logran entender o mundo dunha maneira crítica, o que motiva a organización comunitaria para iniciar procesos de cambio a través do compromiso e a participación democrática.<sup>5</sup>

Para Freire non hai concienciación dos oprimidos se non se produce unha práctica consciente de que son un colectivo explotado e que poden loitar para a transformación das súas condicións sociais. Pode moi ben ser esta perspectiva teórica a que nos axude a examinar o valor social e educativo dos movementos sociais que na procura da liberdade e da xustiza se desenvolveron con máis insistencia no devalar do sistema político franquista.

O contexto español nos últimos anos da Ditadura franquista: os movementos sociais e a loita pola emancipación

Houbo que esperar ata ben entrados os anos sesenta do pasado século para que diversos sectores sociais se incorporasen á loita democrática. Estes grupos organizados

<sup>2</sup> Paulo Freire, *La educación como práctica de la libertad* (Madrid: Siglo XXI, 1980).

<sup>3</sup> Paulo Freire, *Pedagogía del oprimido* (Madrid: Siglo XXI, 1975), 88.

<sup>4</sup> Nilo Agostini, “Conscientização e Educação: ação e reflexão que transformam o mundo”, *Pro-posições*, 3 (2018): 197.

<sup>5</sup> Joselaine Andréia De Godoy e Marcela Soares, “Paulo Freire e os movementos sociais: uma análise da conjuntura brasileira”, *Educación*, vol. 26, 50 (2017): 47-61.

tiñan en común o obxectivo de derrotar á ditadura e establecer unha cultura democrática nas mentes da cidadanía, polo que reivindicaban, a través de accións diversas, o dereito de asociación, o dereito ao sufraxio universal, a representatividade dos seus intereses... Tal e como afirma o historiador catalán Pere Ysàs:

La conflictividad social, diversa y creciente, impulsada fundamentalmente por el activismo antifranquista a través de las CCOO y de grupos sindicales, del movimiento vecinal, del movimiento estudiantil, apoyada por colectivos profesionales, por intelectuales y artistas y por sectores significativos del clero católico contribuyó decisivamente a la erosión de la dictadura y a establecer las condiciones políticas que determinarían el proceso de transición a la democracia en la segunda mitad de los años setenta. También contribuyó decisivamente a la extensión de una cultura política democrática, que alimentó el disenso y el compromiso militante con la oposición a la dictadura.<sup>6</sup>

Concordamos con Quirosa-Cheyrouze<sup>7</sup> cando afirma que o papel desenvolvido polos movementos sociais no proceso á democracia foi relevante, desmentindo que este proceso tivera lugar exclusivamente a causa do designio das elites políticas franquistas. Non se poderían entender moitas das decisións políticas adoptadas durante os anos do cambio sen ter en conta as actuacións dos diversos movementos sociais, dado que co paso do tempo diferentes sectores da sociedade civil chegaron a participar plenamente neste proceso.

Foron esas actuacións impulsadas *dende abaixo*, as que forzaron a determinadas elites franquistas a entraren en dinámicas de cambio, confrontación e negociación. Para poder controlar este proceso, estas elites convencéronse elas mesmas de que a democracia *formal* era a única saída, posto que estaban “enfrentadas a crecipientes problemas de deslegitimación, [polo que] se abrirían progresivamente a perspectivas democratizadoras, en las cuales, llegado el momento de la *transición*, tendrían el protagonismo decisivo”.<sup>8</sup> Ademais, cómpre facer referencia á importancia que puideron ter outros elementos –modernidade, elites políticas, condicións internacionais...– dada a súa contribución para produciren profundos cambios sociais nos últimos anos da Ditadura.

Aínda que todos estes movementos sociais actuaban con perspectivas diversas e os obxectivos que os movían tiñan propósitos diferenciados, lograr acabar coa Ditadura converteuse nun lugar compartido para todos eles. Estes movementos pódense clasificar como *novos e vellos* movementos sociais. Dada a súa traxectoria ao longo do tempo, o movemento obreiro queda mergullado neste última consideración, catalogando como *novos* movementos aqueles que, en troques, tiñan unha traxectoria menos dilatada. Ademais, estes últimos compartían entre si algúns trazos que debemos aludir: o

<sup>6</sup> Pere Ysàs, “¿Una sociedad pasiva? Actitudes, activismo y conflictividad social en el franquismo tardío”, *Ayer*, 68 (2007): 57.

<sup>7</sup> Rafael Quirosa-Cheyrouze, “El protagonismo de la sociedad en la conquista de la democracia”, en *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, ed. Rafael Quirosa-Cheyrouze (Madrid: Biblioteca Nueva, 2011), 13-25.

<sup>8</sup> Ismael Saz, “Y la sociedad marcó el camino. O sobre el triunfo de la democracia en España (1969- 1978)”, en *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, ed. Rafael Quirosa-Cheyrouze (Madrid: Biblioteca Nueva, 2011), 33.

interclasismo, dada a pertenza dos participantes a diversos sectores e status sociais; as súas características ideolóxicas distintas das do movemento obreiro, ao manifestaren un interese relevante en relación coa identidade individual —e non só colectiva— dos membros das súas formacións; tiñan unha organización difusa e normalmente descentralizada, de tal forma que lles daban algún protagonismo ás relacións persoais que se producían no ámbito local, diminuíndo a xerarquización máis vinculada coas estruturas de organizacións políticas ou sindicais do movemento obreiro. É adecuado indicar, alén disto, que canto ás formas de protesta, caracterizábanse por desenvolver accións non violentas, baseadas na desobediencia civil na súa procura de alteración das institucións.<sup>9</sup>

Algúns destes movementos catalogados como novos movementos sociais foron o estudiantil, o feminista, o pacifista, o veciñal, o católico, o ecoloxista, e outros grupos clasificados como movementos marxinais, onde quedan vinculados o colectivo homosexual, discapacitados, presos comúns...

### O movemento estudiantil

Coa chegada de Ruiz-Giménez como ministro de Educación en 1953 a Universidade pasou a representar unha institución con certos aires de apertura. Os universitarios comezaron a poder realizar variadas iniciativas culturais e a ter maior acceso a lecturas diversas, que favoreceron a aproximación a textos de Unamuno, Ortega, Machado ou Baroja. Porén, algunhas destas actividades culturais promovidas polo Sindicato Estudiantil Universitario (en diante, SEU) non tiveron o resultado que eles pretendían, do cal é un exemplo o que aconteceu co Teatro Español Universitario (TEU), cos cineclubs ou co Servicio Universitario del Trabajo (SUT), onde o xesuíta padre Llanos tivo un protagonismo notorio. Grazas a esta última iniciativa moitos estudantes tiveron a oportunidade de ter contacto directo coa realidade máis dura do país, realizando actividades —en barrios marxinais de chabolas, minas, empresas industriais...— que lles permitiron coñecer directamente a realidade opresora do Estado cara á clase obreira, o que os levaría nalgúns casos a adoptaren unha conciencia social e posicións ideolóxicas contrarias ao Réxime.<sup>10</sup>

Neste escenario de certo aperturismo, no curso 1955-1956 tiveron lugar os primeiros incidentes universitarios serios. Tal e como sinala Fernández-Montesinos<sup>11</sup> en outubro de 1955 faleceu Ortega y Gasset, e o seu funeral converteuse nunha manifestación da oposición liberal, o que deu lugar á prohibición para realizar o Congreso Nacional de Es-

<sup>9</sup> Enrique Laraña, "Los movimientos sociales y la transición a la democracia en España", en *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, ed. Rafael Quirosa Cheyrouze (Madrid: Biblioteca Nueva, 2011), 63-77; Rafael Quirosa-Cheyrouze, "El protagonismo de la sociedad en la conquista de la democracia", en *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, ed. Rafael Quirosa-Cheyrouze (Madrid: Biblioteca Nueva, 2011), 13-25.

<sup>10</sup> Miguel Ángel Ruiz Carnicer, *El Sindicato Español Universitario (SEU), 193-1965. La socialización política de la juventud universitaria en el franquismo* (Madrid: Siglo XXI, 1996).

<sup>11</sup> Andrea Fernández-Montesinos, "Los primeros pasos del movimiento estudiantil", *CIAN: Revista de historia de las universidades*, vol. 12, 1 (2009): 13-31.

critores Jóvenes que estaba previsto para o mes de novembro. Pouco despois, en febreiro de 1956 entregouse un manifesto ao presidente do SEU asinado por varios centos de universitarios no que se pedía a súa democratización e a posibilidade de organizar un congreso nacional de estudantes á marxe do sindicato oficial e aínda que Jesús Gay, —que era o presidente do SEU no distrito de Madrid—, accedeu a que se celebrasen eleccións de representantes a nivel de facultade, finalmente non foi posible pola prohibición por parte do goberno. Esta actitude ocasionou fortes choques en diversas facultades universitarias madrileñas entre estudantes partidarios da democratización, por unha banda, e grupos de acérrimos falanxistas, pola outra. Estes enfrontamentos repetíronse durante varios días e produciuse unha manifestación ante o Ministerio de Educación Nacional, en San Bernardo, no que un estudante falanxista resultou ferido por arma de fogo. A causa destes enfrontamentos as universidades foron pechadas, o ministro de Educación substituído e o Réxime activaría por primeira vez o chamado “estado de excepción”.

Despois destes sucesos de 1956 cómpre salientar que o ambiente universitario comezou a estar politizado, o que favoreceu a aparición de diversos grupos políticos e sindicatos clandestinos.<sup>12</sup> Neste contexto, a finais dos anos cincuenta o Goberno víase obrigado a reorganizar o sindicato falanxista, polo que se introduciu a posibilidade dunha representación democrática estudantil a nivel de facultade a través de eleccións para as cámaras de facultade, acto que levaría á realización de eleccións e a unha considerable politización da vida universitaria, que os grupos disidentes empregarían para introducir no sindicato persoas da súa ideoloxía, pois obtiveron apoio electoral a través das formas legais de representación.

Sentábanse as bases máis sólidas para o crecemento e a consolidación do movemento estudantil<sup>13</sup> sobre todo co que aconteceu dende 1965 ata a morte do ditador. Seguindo ao profesor José María Maravall<sup>14</sup> podemos falar deste período como unha época de «mobilización das masas universitarias» en que o movemento estudantil se converteu nunha plataforma de reivindicación democrática forte e foi no propio movemento onde se produciron procesos socioeducativos a través dos cales os estudantes se formaron politicamente. Era o tempo dos *sindicatos democráticos de estudantes*. No ano 1966 tivo lugar o que se coñece como *La Caputxinada*, no que un grupo de estudantes da Universidade de Barcelona se encerraron no convento dos capuchinos de Sarrià co

<sup>12</sup> Entre outros, un exemplo foi a Agrupación Socialista Universitaria (ASU) creada en 1956, ou a Unión de Estudiantes Demócratas (UED) formada por demócratas-cristiáns e por grupos de católicos *comprometidos* de tendencia progresista. Tamén se formou a Federación Universitaria Democrática Española (FUDE), aparecida nos ambientes universitarios madrileños en 1961, composta por membros do FLP, PCE e PSOE co obxectivo de converter o sindicato nunha alternativa democrática fronte ao SEU.

<sup>13</sup> Tal e como sinala Maravall, entre 1955 e 1960 o movemento estudantil atravesou unha primeira fase de «organización». A segunda fase transcorreu ata mediados dos anos sesenta e podémola catalogar como de «consolidación». Nestas dúas primeiras etapas, os estudantes contestatarios formáronse politicamente a través das súas familias —que acostumaban ser contrarias ao Réxime—, de lecturas diversas e a través de viaxes ao estranxeiro.

<sup>14</sup> José María Maravall, *Dictadura y disenso político: obreros y estudiantes bajo el franquismo* (Madrid: Alfaguara, 1978).

obxectivo de aprobar os estatutos do Sindicato Democrático de Estudiantes desa universidade (SDEUB), que posteriormente se exportaría a outros distritos universitarios. O que buscaban os estudantes a través del era a formación dunha organización que traballase baixo un modelo representativo, independente e autónomo, respectando os principios de liberdade, democracia e autoorganización, aínda que a brutal represión que o Estado exercía levou a que os *sindicatos democráticos* pouco a pouco foran perdendo protagonismo. Os líderes e os estudantes máis politizados víronse obrigados a realizar unha loita máis clandestina e empezaron a organizarse a través de *comités de acción*, tamén chamados *comités de base* ou *comités de curso* —posteriormente—, que eran organizacións de masas, autónomas con respecto aos partidos políticos, que se reunían de maneira clandestina para debater problemáticas e estratexias de loita, aprobadas posteriormente mediante asembleas.

En 1968 Villar Palasí pasou a ocupar o cargo de ministro de Educación e a tomar decisións para acabar cos incidentes universitarios, pero estas medidas non serviron para adormecer as protestas polo que a principios de 1969 en Barcelona un grupo de estudantes asaltou a reitoría da universidade e, en Madrid, tras producirse a morte do estudante Enrique Ruano nunha comisaría de policía, os universitarios protagonizaron fortes protestas, o que levou ao Réxime a decretar o estado de excepción. Estes acontecementos ocasionarían a detención de máis de 300 universitarios, o que significou un retroceso a curto prazo para o movemento opositor.<sup>15</sup>

As protestas non tardarían en intensificarse e protagonizáronse accións de loita tanto por motivos de índole académica, como tamén mobilizacións exclusivamente por intereses políticos. Moitos foron os acontecementos sociais que levaron aos mozos e mozas universitarios a protagonizaren actos de rebeldía contra o Réxime. Os seus ideais levábanos a realizaren protestas contra o imperialismo americano, contra a Lei xeral de educación ou contra o Proceso de Burgos que foi un acontecemento polo cal o movemento estudantil se mobilizou unicamente por motivos políticos. As mortes de obreiros en Ferrol en 1972, así como os sucesos de folga obreira desatada pouco despois na comarca de Vigo foron igualmente dous grandes detonantes da protesta estudantil en Santiago de Compostela, pero tamén noutras cidades españolas, como foi por exemplo Salamanca. A morte de Puig Antich en 1974 ocasionou multitude de protestas en todo o país —e tamén en París— o que obrigou ás autoridades a pecharen a Universidade de Barcelona. Ou o Proceso 1001 que fixo posible que se producira unha conexión entre o movemento universitario e o movemento obreiro. A entrada en vigor da selectividade ou a necesidade dunha lei de amnistía tamén foron motivos de protesta.

Seguindo a Nadal<sup>16</sup> o problema universitario compoñíase de tres factores fundamentais. O primeiro deles fai referencia á súa composición, ao formarse desde unha nova

<sup>15</sup> Pere Ysàs, *Disidencia y subversión: la lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975* (Barcelona: Crítica, 2004).

<sup>16</sup> Antonio Nadal, "El movimiento universitario y la represión", en *La universidad española bajo el régimen de Franco (1939- 1975)*, ed. Juan José Carreras e Miguel Ángel Ruiz (Zaragoza: Institución Fernando el Católico,

xeración de estudantes, de profesores novos de maioría antifranquista (*penenes* ou PNN) e de catedráticos<sup>17</sup> que tamén eran contrarios ao Réxime. O segundo punto fai referencia a un aumento considerable do alumnado universitario con ampliación canto á súa composición social, que pasaron de ser menos de 70.000 na última metade dos anos cincuenta a máis de 400.000 entre 1970 e 1975. Grazas ao *desarrollismo* foise sumando á universidade alumnado procedente das capas medias e dalgúns sectores populares, polo que pouco a pouco foron chegando os fillos e fillas das clases traballadoras e de familias de clase media baixa. Desde o punto de vista sociolóxico hai que salientar, ademais, que o número de mulleres que cursaban estudos universitarios chegou a representar o 40 % ao finalizar a Ditadura.<sup>18</sup> O terceiro e último factor que hai que destacar ten que ver coas influencias que viñan doutros países e que estaban incidindo na xuventude española. As revoltas producidas en maio de 1968 en París trouxeron aires novos para a xuventude que se sentía identificada cos movementos de solidariedade pola guerra de Vietnam, por Cuba ou China, e adoraban líderes revolucionarios como o Che Guevara, Mao ou Ho-chi-Ming. O que tamén levou a cambiar a súa maneira de vestir, empezando a lucir unha estética *hippy*, portando chaquetas de pana, a deixarse melena e barba, a non empregar garabata e a cuestionar o modelo de autoridade, e en definitiva, a distanciarse do perfil burgués que representaba a universidade tradicional franquista.

Non todos os estudantes se implicaron da mesma maneira. Podemos falar dun primeiro núcleo —que só representou un 5 % da poboación estudantil— que estaba moi politizado e que todo o interpretaba en clave política; eran universitarios que militaban en organizacións clandestinas. Un segundo grupo composto por estudantes que tiñan contacto esporádico coas organizacións políticas ilegais e que ás veces colaboraban con elas. E un terceiro grupo, que era o máis numeroso, composto por estudantes que participaban nas accións colectivas asistindo a manifestacións, asembleas, concentracións ou actos culturais.

Foi no seo deste movemento estudantil onde se deron os maiores procesos de educación social e popular. Estes procesos socioeducativos foron moi relevantes para poder derrotar a Ditadura. Moitos destes universitarios que viviron en primeira persoa estes ambientes tiveron un protagonismo relevante no período da Transición, e chegaron a pertencer aos cadros técnicos e políticos que a encabezaron. A Universidade foi, deste modo, unha institución que serviu como laboratorio para a democracia, no cal se introduciu o debate político en case todas as esferas da vida universitaria —cosa que non era posible noutros ambientes—: un escenario en que os estudantes organizaban asembleas libres, reunións, manifestacións, sistemas de representación democrática, repartían propaganda ilegal feita a ciclostilo, congresos... Todo fóra da legalidade, co obxectivo de ir

---

1991), 455-467.

<sup>17</sup> Con motivo de apoiar as protestas de estudantes que tiveron lugar en Madrid no ano 1965 foron expulsados da universidade algúns profesores e catedráticos entre os que se encontraban Tierno Galván, López Aranguren e García Calvo.

<sup>18</sup> Elena Hernández Sandoica, Miguel Ángel Ruiz Carnicer e Marc Baldó, *Estudiantes contra Franco (1939-1975): oposición política y movilización juvenil* (Madrid: La Esfera de los Libros, 2007).



conquistando parcelas de liberdade que afirmasen o dereito de asociación, de expresión ou de representación. Escenarios que pretenderon converterse nunha *illa de liberdade* en medio da Ditadura para cambiar actitudes, costumes, formas de pensar e tamén outros valores culturais, políticos e sociais.<sup>19</sup>

Coa chegada da democracia, o movemento estudantil experimentou un cambio importante que fixo que fora perdendo protagonismo dende un punto de vista político, pois pasou a realizar maiormente reivindicacións académicas. Coa fin da Ditadura, perdeuse o seu inimigo directo, que era o que daba corpo á súa identidade combativa. Ao establecerse outro modelo de Estado, baseado nun sistema político parlamentario e representativo, o movemento estudantil tiña acadado aqueles ideais polos que loitara, polo que pouco a pouco as protestas foron perdendo centralidade. Ademais, os dous partidos que tiveron maior representación nas primeiras eleccións —UCD e PSOE— non controlaban as loitas políticas que desempeñaban os novos movementos sociais, polo que non tiñan tampouco interese en que a política se fixera nas rúas ou nas aulas universitarias e si nos despachos e nos ambientes da alta política que eran os lugares que eles controlaban.<sup>20</sup>

### O movemento obreiro

Os obreiros e campesiños foron obrigados a encadrarse no sindicato vertical ou nas cámaras agrarias. O que realmente se pretendía conseguir era controlar, disuadir e reprimir os traballadores, dado que ao quedaren encadrados empresarios e traballadores nunha mesma organización, a asimetría de posicións parecía inexistente. Foi o intento de organizar a non-liberdade dos traballadores, negando a autonomía de clase, porque “ideológicamente, el motivo que determinó la imposición de este sistema fue la creencia que la lucha de clases podría eliminarse, mediante la incorporación de los elementos enfrentados, en una estructura que simplemente negaba la existencia de una diferencia de intereses entre ellos”.<sup>21</sup>

Neste contexto, e a causa das duras condicións que representaba a vida no campo, a principios dos anos corenta xa comezara a xurdir unha masiva emigración ás cidades, que irá aumentando en décadas posteriores. Estes movementos migratorios ocasionaron un exceso de man de obra nos sectores industriais urbanos, o que produciu a posibili-

<sup>19</sup> Alberto Carrillo-Linares, “Sin corbata y con melena: imágenes y representaciones de los estudiantes sesentayochistas”, en *Globalizing the student rebellion in the long '68*, coord. Andrés Payá Rico, José Luis Hernández Huerta, Antonilla Cagnolati, Sara González Gómez e Sergio Valero Gómez (Salamanca: Fahrenheit, 2018), 63-73; Alberto Carrillo-Linares, “Movimiento estudiantil antifranquista, cultura política y transición política a la democracia”, *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea* 5 (2006): 149-170; Alberto Carrillo-Linares, “Universidades y transiciones políticas: el caso español en los años 60-70”, *Espacio, Tiempo y Educación*, vol. 2, 2 (2015): 49-75.

<sup>20</sup> Alberto Carrillo-Linares, “¿Y nosotros qué?: el movimiento estudiantil durante la transición política española”, en *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, ed. Rafael Quirosa-Cheyrouze (Madrid: Biblioteca Nueva, 2011), 221-235.

<sup>21</sup> Sheelagh Ellwood, “La clase obrera bajo el régimen de Franco”, en *España en crisis: La evolución y decadencia del régimen de Franco*, ed. Paul Preston (Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1978), 270.

dade de manter salarios baixos e, ao mesmo tempo, unha produtividade alta, o que se traduciu en beneficios elevados para os grandes empresarios. Por outra banda, os prezos dos alimentos básicos que escaseaban subiron de xeito alarmante por causa do mercado negro e do estraperlo, mentres que a clase traballadora viu empeorar extraordinariamente o seu poder adquisitivo e as súas condicións de vida, ao tempo que as ganancias de capitais e reservas da banca privada pasaron de 2703 millóns de pesetas en 1942 a 4916 millóns en 1949.<sup>22</sup>

Nos anos corenta e cincuenta existía unha hostilidade e un rexeitamento por parte da clase traballadora ao Réxime, pero non se traduciu nunha importante conflictividade laboral organizada debido á brutal represión exercida polo Estado e polos novos elementos de control, ben como polas duras condicións de vida que facían concentrar toda a enerxía na loita diaria pola supervivencia. Neste escenario de represión xurdiron as primeiras protestas organizadas dos anos corenta que foron fortemente reprimidas. As protestas máis significativas principiaron a darse nas zonas de maior tradición industrial. No País Vasco manifestouse unha crecente conflictividade a comezos de 1947 en empresas como Altos Hornos de Biscaia, Euskalduna ou na Naval, que culminaron cunha folga xeral no Primeiro de Maio. En 1951 tivo lugar en Barcelona a primeira e máis contundente expresión de malestar cun masivo boicot aos tranvías da Cidade Condal, na que participaron sectores católicos, estudantes, antifranquistas e ata falanxistas enfrontados ao gobernador civil. Pouco tempo despois tamén se produciron outras novas protestas en Vitoria, Navarra, Pamplona e en Madrid. A Ditadura foi subindo os salarios dos traballadores —aínda que non suficientemente para cubrir as necesidades básicas— pero, na segunda metade dos anos cincuenta, producíronse relevantes protestas nas cuncas mineiras asturianas, vascas e en Cataluña.

Ao longo da Ditadura os obreiros tiveron moitas dificultades para organizarse libremente e poder debater en asembleas as súas condicións laborais a través do diálogo e o entendemento entre compañeiros e compañeiras. Esta maneira de organización, que implica por definición a creación de procesos orientados á toma de conciencia política e tamén de clase, que fai posible elixir de maneira democrática os seus representantes, non puido realizarse libremente ata a chegada da democracia. O novo escenario represivo facía inviable a autoorganización dos traballadores, posto que foran eliminados determinados dereitos fundamentais, como o de folga, o cal queda reflectido no artigo 222 do Código civil como delito de sedición. Nos primeiros anos de posguerra foi cando se elaboraron e promulgaron as bases da lexislación laboral do Réxime, que se plasmaron no *Fuero del Trabajo* de 1938 ou na *Ley de Reglamentaciones de Trabajo* de 1942 coa negativa de aceptar a negociación directa entre empresarios e traballadores, escenario que non cambiaría ata a promulgación da *Ley de Convenios Colectivos Sindicales* de 1958.<sup>23</sup>

<sup>22</sup> Manuel Tuñón de Lara, *Variaciones del nivel de vida en España* (Madrid: Península, 1965).

<sup>23</sup> Nicolás Sartorius, *El resurgir del movimiento obrero* (Barcelona: Laia, 1976).

En todo caso, con esta legalización comezou unha nova etapa onde os traballadores pasaron a ter certa representación nas negociacións colectivas, o que daría lugar ao inicial fortalecemento do clandestino movemento obreiro canto á súa organización, producindo condicións máis favorables para a acción colectiva e para unha maior actividade dos grupos clandestinos, posto que agora as retribucións salariais quedaban en mans dos empresarios e non do Estado. A nova situación que atravesaba o país, pasando da autarquía ao capitalismo pleno, facía necesario que as condicións laborais fosen discutidas directamente nas empresas, co obxectivo de aumentar a produtividade.<sup>24</sup>

Cando xurdían conflitos laborais, algunhas empresas vían a necesidade de negociar fóra das marxes do sindicato vertical, polo que os obreiros elixían os seus representantes e establecían unha *comisión* de traballadores encargados da negociación. A comisión, ao ter carácter temporal, desaparecía co fin do conflito. Esta maneira de proceder é a que deu lugar a Comisións Obreiras (CC. OO.) que co tempo se definiría como un movemento de masas aberto a todos os traballadores, independentemente das súas crenzas relixiosas ou políticas.

En 1962 tiveron lugar unha serie de folgas, que se iniciaron nas cuncas mineiras asturianas, onde os traballadores exixían incrementos salariais e mellores condicións laborais. A folga foise espallando por todo o país, o que levou ao Réxime a declarar o estado de excepción en Asturias, Guipúscoa e Biscaia. O verdadeiramente importante destes acontecementos é que os mineiros se organizaron para as negociacións á marxe da organización sindical franquista, formando *comisións obreiras* compostas por traballadores elixidos entre eles, para reivindicar as súas exixencias directamente cos empresarios.<sup>25</sup>

A través destas accións os traballadores foron establecendo procesos de educación social e de desenvolvemento comunitario, apoiándose no diálogo e no entendemento en asembleas e reunións, de tal maneira que eles mesmos foron descubriendo as súas necesidades e tomando conciencia política e de loita de clase. E non só os traballadores, senón tamén a nivel comunitario, dado que as mulleres destes obreiros, xunto con outros axentes —como foron algúns sectores da Igrexa— que formaban parte desas comunidades onde se encontraban as minas, colaboraron a favor dos traballadores co fin de derrotar o Réxime nas súas negociacións, reivindicando a súa condición de cidadáns con dereitos, capaces de se organizaren e decidiren por eles mesmos o seu futuro.<sup>26</sup>

Algúns dos sindicatos clandestinos —CC. OO, e USO— apoiaban o *entrismo*, que consistía en infiltrar dentro do sindicato vertical algún dos seus compañeiros coa finalidade de influír nas negociacións colectivas *dende dentro*, pero outros —UGT— non vían

<sup>24</sup> Xavier Domènech, *Cambio político y movimiento obrero bajo el franquismo: lucha de clases, dictadura y democracia (1939-1977)* (Barcelona: Icaria, 2011).

<sup>25</sup> Estas folgas foron todo un éxito se temos en conta non só que os mineiros conseguiron as súas reivindicacións —aumento de salario, melloras laborais, liberdade dos traballadores detidos nas folgas— senón tamén que as negociacións foron levadas a cabo directamente co propio ministro-secretario xeral do Movemento, José Solís, quen se viu obrigado a desprazarse a Asturias para negociar cos mineiros.

<sup>26</sup> Rubén Vega García, *Las huelgas de 1962 en Asturias* (Xixón: Trea, 2002).

con bos ollos esta idea, ao pensar que só demoraría a loita para establecer uns sindicatos democráticos. As eleccións sindicais de 1966 foron un éxito tras contar cunha ampla participación, que fixo posible que moitos obreiros simpatizantes de CC. OO. entrasen a formar parte do sindicato vertical e se convertesen en representantes legais dos traballadores. O que CC. OO. pretendía era ter capacidade de negociación, tanto a través dos xurados de empresa e dos enlaces sindicais legais, como tamén a través da negociación directa cos empresarios, de carácter alegal.

Pero en 1967 o Tribunal Supremo declarou que CC. OO. era unha organización “ilegal” e “subversiva”, polo que o sindicato atravesou unha crise interna. Esta etapa estivo marcada pola forte represión cara aos seus simpatizantes (algúns deles foron encarcerados), polo que pasou de ser unha organización que operaba nun nivel cuase-público, a outro máis clandestino. En 1972 foron detidos os membros da súa dirección mentres mantiñan unha reunión no convento dos Oblatos de Pozuelo de Alarcón, polo que un ano despois tivo lugar o xuízo coñecido como o proceso 1001 do Tribunal de Orde Pública (TOP), no que foron condenados a prisión ao ser acusados de ser a Comisión Coordinadora Nacional de Comisiones Obreiras.

Con todo, esta crise de CC. OO. non se traduciu nun decrecemento da loita obreira posto que as folgas e os conflitos laborais foron en aumento. Ata mediados dos anos sesenta a maioría das protestas estaban vinculadas a reivindicacións salariais e de condicións laborais, pero a partir dos setenta pasaron a converterse tamén en expresións de solidariedade obreira e de reivindicacións políticas.

As folgas pasaron de ser unha medida excepcional a un fenómeno cada vez máis habitual, pero tamén existiron outros instrumentos de loita, como as recollidas de sinaturas para apoiar as demandas, concentracións e manifestacións nas rúas, encellos en igrexas... nas que participaban colectivos moi heteroxéneos. As protestas estendéronse a outros sectores —traballadores da construción, Correos, profesorado, persoal hospitalario...— que eran persoas con diversos puntos de vista, ideoloxías e afiliacións. Traballadores e traballadoras entre os que se encontraban membros dos movementos católicos especializados —da XOC e da HOAC— que iniciaran un labor de compromiso en defensa dos dereitos dos traballadores. Todas estas accións de reivindicación e debate fixeron posible que a clase traballadora fose tomando conciencia como colectivo transformador e con capacidade de formular medidas capaces de melloraren a súa situación laboral, exixindo a liberdade sindical, de asociación, de expresión, de reunión, de folga... co fin de acabar cun estado de cousas e conquistar, así, a categoría de *ciudadáns*.<sup>27</sup>

O movemento obreiro antifranquista chegou con forza a mediados dos anos setenta. Nas eleccións sindicais de 1975 a Organización Sindical Española (OSE) (coloquialmente, o “sindicato vertical”) foi controlada polos representantes das organizacións obreiras clandestinas, polo que a súa continuidade era moi complicada. Coa morte do ditador uns

<sup>27</sup> Aida Terrón e Antonio Viñao, “Educación, movimiento obrero y sindicalismo (España, siglo XX)”, *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 37 (2018): 69-114.

meses despois, facíase imprescindible un cambio, ou unha *ruptura pactada*, coas forzas sindicais ilegais, polo que en 1976 co goberno presidido por Arias Navarro e cun movemento obreiro empuxando forte, foise iniciando un proceso tímido de recoñecemento dos sindicatos ilegais, que fixo posible que a UGT realizase o seu XXX Congreso Nacional na cidade de Madrid coa autorización do goberno. Un ano despois, con Adolfo Suárez á fronte, os sindicatos foron legalizados.

Tal e como afirma Balfour<sup>28</sup> coa chegada do novo escenario democrático os sindicatos tiveron que empezar a negociar cun goberno pouco habituado a manter relacións democráticas. Nun primeiro momento, a afiliación, tanto de CC. OO. como de UGT foi numerosa, pero en pouco tempo foron perdendo traballadores ata representaren un dos índices máis baixos de afiliación de Europa a comezos dos anos oitenta. Nesta circunstancia influíu o legado franquista, que fixo que moitos traballadores tivesen unha visión desfigurada do que significaba a pertenza a un sindicato, e tamén a grave crise económica pola que atravesaba o país dende 1973, que estaba a ocasionar unha gran recesión con efectos devastadores para a poboación, o que fixo que se debilitasen os tradicionais centros de militancia obreira diante da incapacidade de defender os seus empregos e o seu nivel de vida. Tamén influíu o papel que xogaron os sindicatos na Transición, que deteriorou a imaxe deste movemento para moitos traballadores, ao manter unha relación ambigua e subordinada aos partidos políticos.

### **O movemento cidadán**

Se o estudantil e o obreiro foron os dous movementos que máis loitaron pola construción dun estado democrático, sen dúbida, o movemento cidadán foi outro dos que tivo maior protagonismo e relevancia á hora de concienciar as persoas sobre a importancia de loitar para alcanzar a condición de *ciudadán* e lograr deslexitimar o aparato opresor do Réxime franquista, o que resultaba imprescindible para poder alcanzar esta condición. Porque neste contexto de ditadura existían as cidades, pero non os cidadáns, e aínda que os españois eran suxeitos de dereito, non tiñan lexitimidade para organizarse autonomamente nin para intervir nas decisións que guían a convivencia a nivel comunitario.

Resulta complexo falar do movemento cidadán dun sentido xeral, posto que estamos a nos referir a un movemento que non protagonizou grandes loitas conxuntas a nivel estatal, nin presentou unha maneira de organización homoxénea, ao igual que, polo xeral, os seus líderes non pasaron tampouco de ser coñecidos máis aló dos barrios onde desempeñaban o seu papel. Canto á súa orixe, tamén cómpre sinalar algunhas particularidades. O movemento cidadán nace como unha resposta espontánea ás malas condicións de vida que se daban, sobre todo, nas grandes cidades, “como consecuencia de un crecimiento urbano caótico, dominado por la especulación del suelo y el negocio

---

<sup>28</sup> Sebastian Balfour, *La dictadura, los trabajadores y la ciudad: el movimiento obrero en el área metropolitana de Barcelona (1939-1988)* (Valencia: Edicions Alfons el Magnànim, 1994).

inmobiliario y sin control por parte de unas instituciones locales en manos de burócratas, fascistas, corruptos y otras gentes de mal vivir”.<sup>29</sup>

No caso do movemento estudantil e do movemento obreiro, encontramos a súa orixe cronolóxica no que representou un novo período de conflitividade —1956 para o movemento estudantil e 1962 para o movemento obreiro—. Respecto ao movemento cidadán, os historiadores sitúan o seu comezo en 1964, ao ser este o ano en que foi aprobada a Lei de asociacións polo Estado franquista. Aínda que consideremos válido este argumento, non podemos menosprezar que por esas datas xa se podía percibir unha realidade urbana cargada de dificultades estruturais, que foi o que serviu de aliciente para que xerminase este movemento.<sup>30</sup>

As duras condicións en que se vivía no rural obrigaban a poboación a considerar a opción de inmigrar ás grandes cidades co fin de conseguir un mellor nivel de vida e poder escapar dunha atmosfera irrespirable, baseada na desmotivación económica e nunha represión insoportable por parte dalgúns sectores vencedores da guerra no caso daquelas familias que tiveran orientación republicana. Nos anos cincuenta —e con maior intensidade nas décadas posteriores—, as principais cidades españolas como Madrid, Barcelona, Bilbao ou Valencia, aumentaron espectacularmente a súa poboación. No caso da cidade de Madrid, capital do Estado, entre 1960 e 1970 chegaron case 700.000 inmigrantes, polo que a súa poboación aumentou considerablemente, ao pasar de 2,4 millóns en 1960 a 3,6 en 1970.<sup>31</sup> Co abandono da autarquía, o Estado franquista viu necesario dar un impulso para que se instalasen nas grandes cidades cada vez máis empresas industriais, e para iso tomou unha serie de medidas —exencións fiscais, acceso á enerxía eléctrica...— e utilizou unha política de concesións, subvencións e diversas explotacións mixtas para grandes empresas privadas que fixeron posible que cidades como Madrid puidesen competir coa potencia industrial vasca e catalá.

Nos anos cincuenta, ao seren demasiado pobres e escasos, estes inmigrantes aínda non eran considerados coma unha mercancía valiosa para os grandes empresarios da construción, polo que os obreiros foron levantando barrios de chabolas nas periferias das cidades que, aínda que ilegais, eran tolerados non só polos propietarios dos terreos senón tamén pola Administración e por unha policía que a miúdo miraba para outro lado. Eles mesmos, coa axuda dos seus novos veciños eran os que construían as súas

<sup>29</sup> Manuel Castells, “Productores de ciudad: el movimiento ciudadano de Madrid”, en *Memoria ciudadana y movimiento vecinal: Madrid, 1968-2008*, ed. Vicente Pérez Quintana e Pablo Sánchez León (Madrid: Los Libros de la Catarata, 2008), 24.

<sup>30</sup> Se consideramos que só foi grazas a esta lei, poderíase argumentar que o movemento cidadán —ao contrario que os outros movementos sociais— debe o seu nacemento ao seu principal adversario que foi o franquismo. Pero cómpre destacar que, en realidade, xa existía un caldo de cultivo significativo que foi o que fixo posible que este movemento iniciara as súas reivindicacións á hora de loitar polos seus obxectivos. Xavier Doménech, “Orígenes. En la protohistoria del movimiento vecinal bajo el franquismo”, en *Historia del presente: movimiento vecinal y cambio político*, 16 (2010): 27-41

<sup>31</sup> Manuel Castells, *La ciudad y las masas: sociología de los movimientos sociales urbanos* (Madrid: Alianza, 1986).

vivendas, edificacións moi precarias. Estes barrios de chabolas non cumprían as mínimas condicións de habitabilidade ao carecer de servizos tan elementais como iluminación pública, rede de sumidoiros, rúas asfaltadas, auga corrente; tampouco contaban con servizos públicos básicos como os centros de saúde, escolas, transporte, centros culturais... recursos aos que tiñan acceso as persoas que vivían noutros barrios na mesma cidade.

Co paso do tempo o Estado viu a necesidade de promover un programa urxente de vivendas públicas a baixo custo. Esta necesidade viña marcada por dous factores fundamentais. Por unha banda, a poboación que vivía nestes barrios de chabolas escapaba con maior facilidade ao control social e político por parte do Estado, polo que se podían crear grupos activos organizados de oposición política e, en segundo lugar, ante a necesidade de fomentar un discurso que promovese a retórica da xustiza social falanxista e a construción dun novo Estado baseado na harmonía e na paz social.<sup>32</sup> Co falanxista José Luis de Arrese á fronte, na segunda metade dos anos cincuenta, creouse o Ministerio da Vivenda en colaboración con importantes empresas privadas que absorberon o lucrativo mercado da construción, con numerosas prácticas de corrupción empresarial e ministerial. En pouco tempo construíronse miles de edificios nas periferias das cidades, que eran feitos rapidamente con materiais de mala calidade, o que provocaba que, con frecuencia, comezasen a deteriorarse nada máis ser ocupados polos novos inquilinos. Estes novos barrios satélite feitos de bloques de formigón, na maioría das veces carecían dos servizos públicos e infraestruturas elementais, anteriormente referidas, e como seguían chegando persoas do rural, a poboación aumentaba, o que levaba a que estas infraestruturas fosen cada vez máis insuficientes e precarias.<sup>33</sup>

O Réxime franquista a través da súa política urbanística foi creando, deste xeito, cidades cunha clara segregación, onde a orixe social era determinante para pertencer a un barrio ou a outro. Existían barrios de primeira que estaban localizados normalmente no centro urbano das grandes cidades, dotados dunha infraestrutura de servizos públicos moi superiores se os comparamos cos barrios de segunda, que eran barriadas periféricas carentes de todos estes servizos, habitados pola clase obreira, que era a que sufría as consecuencias do abandono institucional por parte do Réxime.

Foi nesas carentes barrios de chabolas das grandes cidades onde naceu o movemento cidadán. No contexto ditatorial ao que estaba sometido o país, estaba prohibido que as persoas se organizasen libremente, polo que as primeiras formas de organización foron as *asociacións de cabeza de familia* que era a única estrutura asociativa cidadá que permitía a Ditadura. Estas asociacións foron construídas para que os núcleos familiares tivesen representación pública ante as institucións, pero na práctica para o que realmen-

<sup>32</sup> Iván Bordetas, *Nosotros somos los que hemos hecho esta ciudad. Autoorganización y movilización vecinal durante el tardofranquismo y el proceso de cambio político* (Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona, 2012).

<sup>33</sup> Emilio José Sánchez Ortiz, *De la Fábrica al Barrio. Cuando la calle volvió a ser nuestra: el movimiento obrero y vecinal en Montornès del Vallès en el tardofranquismo y la transición. 1960-1980* (Barcelona: Universidade Autònoma de Barcelona, 2016).

te serviron foi para manter a estrutura vertical que fomentaba a Ditadura, posto que, na maioría das veces, estas asociacións se dedicaron a defender os intereses concretos de persoas ligadas ao poder vixente e foron poucas as que adquiriron consciencia social a través da realización de reivindicacións vinculadas ás necesidades que tiñan que sopor- tar os obreiros nos seus barrios.<sup>34</sup> Os pequenos negocios —tendas de barrio, bares...— que eran propiedade dalgún veciño, tamén serviron para tomar conciencia colectiva, ao converterse en lugares de encontro onde os veciños intercambiaban opinións acerca de como solucionar os seus problemas conxuntamente.

Outro espazo significativo que serviu de apoio para o inicio do movemento cidadán foron algunhas parroquias onde exercían sacerdotes identificados co Concilio Vaticano II, pois acostumaban ser persoas moi comprometidas co pobo, e xunto aos movementos apostólicos especializados —HOAC, XOC, XIC— daban cobertura aos veciños permitindo esquivar con maior facilidade o control policial por parte do Réxime.

Logo, en 1964, coa aprobación da Lei xeral de asociacións apareceron as *asociacións de familia* e as *asociacións de veciños* que, ao contrario que as *asociacións de cabeza de familia*, tiñan unha maneira de proceder independente do Réxime e estaban vincula- das maioritariamente aos grupos de oposición antifranquistas. Desta maneira, na última década da Ditadura foron aparecendo nos barrios das grandes cidades diversas loitas reivindicativas, expresións culturais e colectivas que mediante as asociacións de veciños, as organizacións de consumidores, as asociacións de amas de casa, os clubs xuvenís, os centros culturais, e outras moitas formas de reunión e de expresión, deron nome ao que se denominou *movemento cidadán*. As asociacións de veciños foron, deste xeito, as que xogaron un papel máis destacado á hora de representaren os intereses da poboación, converténdose nun medio empregado para a conquista de dereitos mediante a expresión organizada dunha sociedade que loitaba por alcanzar novas conquistas sociais.<sup>35</sup>

É conveniente sinalar, pois, que o movemento cidadán foi un movemento relativa- mente interclasista e que nel participaron persoas pertencentes a unha ampla gama social. Obreiros, empregados, funcionarios, técnicos, amas de casa, xubilados, mozos... son algúns exemplos dos colectivos que participaron, na medida en que os problemas urbanos eran indivisibles —aínda que non eran os mesmos, senón que podían variar dependendo das características de cada barrio— polo que afectaban ao conxunto da poboación. A segregación espacial e social deu lugar a que se formase unha estreita relación entre o movemento cidadán e o movemento obreiro, posto que aínda que os seus intereses concretos non eran os mesmos, si coincidían en asuntos básicos á hora de loitaren pola transformación da sociedade e conquistaren dereitos e liberdades fun- damentais.

<sup>34</sup> Pedro Cobo, "Las asociaciones de cabezas de familia como cauce de representación: un fallido intento de apertura del régimen franquista", *Espacio, Tiempo y Forma. Serie V: Historia Contemporánea*, 14 (2001): 437- 488.

<sup>35</sup> Jordi Borja, *Qué son las asociaciones de vecinos* (Barcelona: La Gaya Ciencia, 1977).



Ao tempo que os obreiros se organizaban —formando, sobre todo, Comisións Obreiras— nos seus lugares de traballo, cando volvían ás súas casas tamén participaban nos seus barrios a través das asociacións de veciños, posto que a inmensa maioría dos residentes destes barrios marxidados eran á súa vez traballadores asalariados da industria. Mentres que dende os centros de traballo demandaban dereitos laborais e de representación, loitando ao mesmo tempo por un *salario produtivo*, nos seus barrios reclamaban dereitos civís e loitaban polo que podemos denominar un *salario social*.<sup>36</sup>

As reivindicacións que se formularon a través das asociacións de veciños correspondían a necesidades profundamente sentidas polos diferentes grupos sociais que se encontraban nos distintos barrios, podendo encontrar reivindicacións moi variadas vinculadas á vivenda, seguridade na circulación, sanidade, ensino, preservación de espazos verdes, instalacións deportivas, carestía da vida, animación da vida social e cultural, incremento do tecido asociativo, auga corrente, recollida de lixo, escolas infantís... destacando que este conxunto de reivindicacións estaban estreitamente relacionadas coa existencia de liberdades democráticas e de autoorganización, ao se atoparen enfrontadas a unha Administración local pouco representativa e cunha maneira de proceder autoritaria.<sup>37</sup>

Deste modo, moitas persoas pertencentes, polo xeral, ás clases sociais máis desfavorecidas, a través de asembleas, comisións de barrio, centros sociais e asociacións de veciños, organizadas xeralmente fóra da legalidade, foron tomando consciencia, unha consciencia que era educación cívica e social, das súas necesidades colectivas. Nun contexto sociopolítico de ausencia de liberdades e dereitos, as accións colectivas de moitos cidadáns evolucionaron dende unha posición de denuncia, a propoñer alternativas, o que deu lugar á formación dunha identidade e conciencia colectiva que lexitimaba a loita por conquistar dereitos sociais e a conseguir, en definitiva, a democratización do país.

Nestes barrios humildes, mediante a autoorganización dos propios veciños producíronse, así, enriquecedores procesos de desenvolvemento comunitario e de educación social que facían posible que estas persoas fosen tomando consciencia de clase e organizándose para dar unha resposta colectiva ás necesidades dos seus barrios marxinais carentes de servizos básicos por causa do abandono institucional por parte da Ditadura. Estes procesos socioeducativos fixeron posible que o movemento cidadán se convertese nunha verdadeira “escuela de ciudadanía democrática, pues ha dado a los vecinos la posibilidad de participar libremente en la resolución de sus problemas más inmediatos, aun cuando la dura represión que han sufrido las asociaciones de todo tipo ha imposibilitado apurar al máximo las posibilidades organizativas del movimiento”.<sup>38</sup>

Na segunda metade dos anos setenta e coa chegada da democracia, o movemento cidadán foi mudando a súa maneira de reivindicar os seus dereitos. As fortes críticas que

<sup>36</sup> Xavier Doménech, “Orígenes. En la protohistoria del movimiento vecinal bajo el franquismo”, en *Historia del presente: movimiento vecinal y cambio político*, 16 (2010): 27-41.

<sup>37</sup> Manuel Castells, *Crisis urbana y cambio social* (Madrid: Siglo XXI, 1981)

<sup>38</sup> Manuel Castells, *Ciudad, democracia y socialismo: la experiencia de las Asociaciones de vecinos en Madrid* (Madrid: Siglo XXI, 1977), 96.

viñan exercendo as asociacións de veciños cara ás autoridades locais, ao consideralas ineficaces á hora de xestionaren os recursos e tamén carentes de lexitimidade para desempeñaren os seus labores, foron aumentando tras as eleccións de xuño de 1977. Neste novo escenario, en que a democracia estaba empezando a formar parte da vida cotiá do país, o que pretendían estes cidadáns era a destitución dos cargos políticos a nivel local ao consideralos ilexítimos, dado que procedían directamente de ambientes vinculados ao Réxime. As protestas e a conflitividade dábbase nas rúas das cidades, exercendo unha constante presión sobre as autoridades franquistas e tamén sobre as empresas privadas —construtoras, inmobiliarias, concesións do transporte público...— que eran consideradas, aos ollos dos veciños, as responsables das carencias con que tiñan que convivir nos seus barrios. O que pretendía o movemento cidadán mediante o exercicio da presión era reivindicar un cambio á hora de xestionar a política urbana.<sup>39</sup>

Mediante as protestas que protagonizaron foron quen de crear unha nova relación de forzas capaz de influír na Administración á hora de negociar as decisións que afectaban aos seus barrios, de maneira que esta nova relación de forzas fixo posible que as novas autoridades locais comezasen a ter en conta aos seus veciños tras reclamar por parte dalgunhas asociacións que os concellos só serían democráticos cando chegase a fin de todas as institucións represivas franquistas, as liberdades políticas e sindicais, a amnistía e a defensa de mellores condicións de vida e traballo para toda a cidadanía.

Se a transformación da configuración do movemento cidadán comezou tras as eleccións xerais de 1977 coa súa pre-institucionalización, o cambio máis relevante deuse, porén, en 1979 coa celebración das eleccións municipais. As asociacións de veciños estaban formadas por persoas pertencentes ao propio barrio que participaban no seu día a día nas loitas para a mellora do contorno, polo que coñecían de primeira man as problemáticas e necesidades dos seus barrios. É por iso que as organizacións políticas locais, á hora de confeccionar as candidaturas de cara ás eleccións municipais, consideraron oportuno incluír estas persoas nas listas dos seus partidos, posto que serían unha ferramenta de grande utilidade ao ser persoas que tiñan nas súas costas unha grande experiencia canto á mobilización cidadá.

Se ben isto tivo a seguinte contrapartida: ao perderen os seus membros máis destacados por acceso a concellarías da Administración local, o movemento cidadán entrou en crise. Neste período de transición á democracia, a maneira de reivindicación e as formas de acción colectiva que empregaban xa non resultaban apropiadas neste novo escenario democrático e, ante isto, as asociacións de veciños foron perdendo protagonismo, posto que agora serían os concellos os encargados da xestión do barrio, e o movemento cidadán entraría nunha fase de decadencia ao ser parcialmente absorbido polos novos partidos políticos elixidos lexitimamente nas urnas. Por outra banda, estes novos profesionais do público non estaban dispostos a ceder poder ás asociacións de veciños, polo que em-

---

<sup>39</sup> Ricard Martínez i Muntada, "Movimiento vecinal, antifranquismo y anticapitalismo", *Historia, Trabajo y Sociedad* 2 (2011): 63-90.

pezaron a efectuar unha maneira de facer política quizais máis elitista, o que comportou a perda de protagonismo e de recoñecemento público da vida asociativa dos barrios.<sup>40</sup>

### Consideracións finais

A propósito deste conxunto de varias mobilizacións sociais que acabamos de expoñer queremos indicar que en todos os movementos sociais, cando toman unha plena autoconsciencia de si, existe un proxecto pedagóxico dado que son *produto* e *produtor* da concienciación en comunidade, e fano mediante un diálogo que incorpora tanto a acción como a reflexión colectiva, mediante un proceso relevante no que respecta á transmisión de saberes e experiencias que teñen lugar en ambientes non escolares: en distintos ámbitos máis alá das aulas, nos que a pedagogía social centra a súa reflexión pedagóxica para analizar os diversos contextos do social, cada vez máis amplos, e así poder abordar e reflexionar sobre o especificamente educativo en todos os espazos en que o suxeito se forma para a realización e a transformación da súa realidade. Nestes procesos desenvólvense novas habilidades, estratexias, desexos, saberes, expectativas, maneiras de estar no mundo... distintas ás que tiñan antes da súa participación,<sup>41</sup> dado que é dentro dos propios movementos sociais onde ten lugar “la emergencia de la toma de conciencia de determinados problemas, por lo que operan como educadores de la sociedad, al tiempo que generan cambios más o menos intensos en los procesos de socialización”.<sup>42</sup>

É así que ligamos este conxunto de procesos sociais coa educación social e epistemoloxicamente con este campo académico. Despois da II Guerra Mundial a pedagogía social foi poñendo o acento nas dinámicas para a transformación social a través de estratexias educativas que implicaban acompañar a comunidade para que establecese unha *actitude crítica* ante a realidade, e así puidese intervir activamente na sociedade co obxectivo de melloralala, de conseguir unha realidade diferente considerada mellor.

A finais da década dos sesenta comezouse a dar unha *reconceptualización* teórica, conceptual e metodolóxica da educación social o que ocasionou unha adaptación para dar resposta ás novas problemáticas e carencias sociais emerxentes. En opinión de Caride<sup>43</sup> esta reconceptualización supuxo ampliar os seus modelos de acción e intervención completando o traballo grupal e individual co traballo comunitario: pasouse dos modelos de despacho e de asistencia individualizada aos modelos de descubrimento e de traballo *dende* as comunidades, *coas* comunidades e *para* as comunidades. Apareceron novas perspectivas e modelos de acción social en que os cidadáns e os distintos movementos sociais adquiriron un maior protagonismo nos procesos de *participación* e autoorganización para a reivindicación democrática e os compromisos cívicos, que deixaron de ser

<sup>40</sup> Iván Bordetas, “El movimiento vecinal en el tránsito de la resistencia a la construcción de alternativas”, *Historia del presente: Movimiento vecinal y cambio político*, 16 (2010): 43-61.

<sup>41</sup> María del Pilar Padierna, “Educación y movimientos sociales”, *Pampedia*, 6 (2009): 13-27.

<sup>42</sup> Narciso De Gabriel, “Movimientos sociales y educación”, *Historia de la educación*, 37 (2018): 29.

<sup>43</sup> Jose Antonio Caride, *Las fronteras de la Pedagogía Social: perspectivas científica e histórica* (Barcelona: Gedisa, 2005).

tratados como obxectos a converterse en verdadeiros axentes da acción para a transformación social, capaces de crearen coñecemento e accións colectivas.

As prioridades da acción social comezaron a centrarse na toma de consciencia e na implicación social co obxectivo de lograr un cambio de actitude –tanto a nivel individual coma colectivo– para establecer una visión crítica das realidades sociais (a da situación de partida e mais tamén a das potencialidades endóxeas das propias comunidades).

O campo problemático de estudo e de investigación que era abordado desde a pedagogía social viuse modificado e renovado aollendo novas reflexións sobre o papel dos educadores sociais e sobre o potencial socializador da educación, optimizando e estendendo os procesos de socialización a diferentes ámbitos, problemáticas e axentes educativos, vindo a ser a pedagogía social unha fundamentación teórica e práctica dos procesos educativos que teñen como finalidade mellorar a calidade de vida das persoas e o seu benestar social.<sup>44</sup>

As prácticas educativas que teñen lugar en espazos diferenciados da educación institucionalizada — polo que queda sinalado, neste sentido que o educativo desborda as paredes das aulas escolares— tamén producen interrelacións sociais que poden ser interpretadas con perspectiva pedagóxica como é o caso do que acontece *en e desde* os movementos sociais.

Xustamente é á luz do paradigma freiriano como procedemos a presentar, examinar e valorar un amplo conxunto de procesos dialóxicos de concienciación social comunitaria que se deron nos pasados anos sesenta e setenta na vida colectiva española: as reivindicacións diante de graves e varias problemáticas, que conformaban evidencias puntuais referidas a carencias sociais e individuais, foron xerando horizontes de cambio e de vida comunitaria desexables naqueles procesos máis reflexivos, como os que desde un dinámico empirismo constantemente revisado Paulo Freire propoñía. Moi probablemente, nunha parte destes procesos e nos pasados anos setenta mesmo puido intervir un directo coñecemento das elaboracións de Freire por parte das persoas que exercían liderados e/ou exercían labores de animación social.

## **Bibliografía**

Agostini, Nilo. “Conscientização e Educação: ação e reflexão que transformam o mundo.” *Proposições* 3 (2018): 187-206.

Balfour, Sebastian. *La dictadura, los trabajadores y la ciudad: el movimiento obrero en el área metropolitana de Barcelona (1939-1988)*. Valencia: Edicions Alfons el Magnànim, 1994.

---

<sup>44</sup> Jose Antonio Caride, “Las identidades de la Educación Social”, *Cuadernos de pedagogía*, 321 (2003): 48-51.

- Bordetas, Iván. "El movimiento vecinal en el tránsito de la resistencia a la construcción de alternativas." *Historia del presente: Movimiento vecinal y cambio político* 16 (2010): 43-61.
- Bordetas, Iván. *Nosotros somos los que hemos hecho esta ciudad. Autoorganización y movilización vecinal durante el tardofranquismo y el proceso de cambio político*. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona, 2012.
- Borja, Jordi. *Qué son las asociaciones de vecinos*. Barcelona: La Gaya Ciencia, 1977.
- Caride, Jose Antonio. "Las identidades de la Educación Social." *Cuadernos de pedagogía*, 321 (2003): 48-51.
- Caride, Jose Antonio. *Las fronteras de la Pedagogía Social: perspectivas científica e histórica*. Barcelona: Gedisa, 2005.
- Carrillo-Linares, Alberto. "Movimiento estudiantil antifranquista, cultura política y transición política a la democracia". *Pasado y Memoria. Revista de Historia Contemporánea* 5 (2006): 149-170.
- Carrillo-Linares, Alberto. "¿Y nosotros qué?: el movimiento estudiantil durante la transición política española". En *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, editado por Rafael Quirosa-Cheyrouze, 221-235. Madrid: Biblioteca Nueva, 2011.
- Carrillo-Linares, Alberto. "Universidades y transiciones políticas: el caso español en los años 60-70". *Espacio, Tiempo y Educación*, vol. 2, 2 (2015): 49-75.
- Carrillo-Linares, Alberto. "Sin corbata y con melena: imágenes y representaciones de los estudiantes sesentayochistas". En *Globalizing the student rebellion in the long '68*, coordinado por Andrés Payá Rico, José Luis Hernández Huerta, Antonilla Cagnolati, Sara González Gómez e Sergio Valero Gómez, 63-73. Salamanca: Fahren-House, 2018.
- Castells, Manuel. *Ciudad, democracia y socialismo: la experiencia de las Asociaciones de vecinos en Madrid*. Madrid: Siglo XXI, 1977.
- Castells, Manuel. *Crisis urbana y cambio social*. Madrid: Siglo XXI, 1981.
- Castells, Manuel. *La ciudad y las masas: sociología de los movimientos sociales urbanos*. Madrid: Alianza, 1986.

- Castells, Manuel. "Productores de ciudad: el movimiento ciudadano de Madrid". En *Memoria ciudadana y movimiento vecinal: Madrid, 1968-2008*, editado por Vicente Pérez Quintana e Pablo Sánchez León, 21-32. Madrid: Los Libros de la Catarata, 2008.
- Cobo, Pedro. "Las asociaciones de cabezas de familia como cauce de representación: un fallido intento de apertura del régimen franquista". *Espacio, Tiempo y Forma. Serie V: Historia Contemporánea*, 14 (2001): 437-488.
- De Gabriel, Narciso. "Movimientos sociales y educación." *Historia de la educación*, 37 (2018): 27-35.
- De Godoy, Joselaine Andréia e Soares, Marela. "Paulo Freire e os movimentos sociais: uma análise da conjuntura brasileira." *Educación XXVI*, 50 (2017): 47-61.
- Doménech, Xavier. "Orígenes. En la protohistoria del movimiento vecinal bajo el franquismo." *Historia del presente: movimiento vecinal y cambio político*, 16 (2010): 27-41.
- Doménech, Xavier. *Cambio político y movimiento obrero bajo el franquismo: lucha de clases, dictadura y democracia (1939-1977)*. Barcelona: Icaria, 2011.
- Ellwood, Sheelagh. "La clase obrera bajo el régimen de Franco". En *España en crisis: La evolución y decadencia del régimen de Franco*, editado por Paulo Preston, 265-302. Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1978.
- Fernández-Montesinos, Andrea. "Los primeros pasos del movimiento estudiantil." *CIAN: Revista de historia de las universidades*, vol. 12, 1 (2009): 13-31.
- Freire, Paulo. *Pedagogía del oprimido*. Madrid: Siglo XXI, 1975.
- Freire, Paulo. *La educación como práctica de la libertad*. Madrid: Siglo XXI, 1980.
- Hernández Sandoica, Elen., Ruiz Carnicer, Miguel Ángel e Baldó, Marc. *Estudiantes contra Franco (1939-175): oposición política y movilización juvenil*. Madrid: La Esfera de los Libros, 2007.
- Laraña, Enrique. "Los movimientos sociales y la transición a la democracia en España". En *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, editado por Rafael Quirosa-Cheyrouze, 63-77. Madrid: Biblioteca Nueva, 2011.
- Maravall, Jose María. *Dictadura y disenso político: obreros y estudiantes bajo el franquismo*. Madrid: Alfaguara, 1978.

- Martínez i Muntada, Ricard. "Movimiento vecinal, antifranquismo y anticapitalismo." *Historia, Trabajo y Sociedad*, 2 (2011): 63-90.
- Nadal, Antonio. "El movimiento universitario y la represión." En *La universidad española bajo el régimen de Franco (1939-1975)*, editado por Juan José Carreras e Miguel Ángel Ruiz, 455-467. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, 1991.
- Padierna, M.<sup>a</sup> del Pilar. "Educación y movimientos sociales". *Pampedia*, 6 (2009): 13-27.
- Pérez Serrano, Gloria. *Pedagogía social-educación social: construcción científica e intervención práctica*. Madrid: Narcea, 2003.
- Quirosa-Cheyrouze, Rafael. "El protagonismo de la sociedad en la conquista de la democracia". En *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, editado por Rafael Quirosa-Cheyrouze, 13-25. Madrid: Biblioteca Nueva, 2011.
- Ruiz Carnicer, Miguel Ángel. *El Sindicato Español Universitario (SEU), 193-1965. La socialización política de la juventud universitaria en el franquismo*. Madrid: Siglo XXI, 1996.
- Sánchez Ortiz, Emilio José. *De la Fábrica al Barrio. Cuando la calle volvió a ser nuestra: el movimiento obrero y vecinal en Montornès del Vallès en el tardofranquismo y la transición. 1960-1980*. Barcelona: Universidade Autònoma de Barcelona, 2016.
- Sartorius, Nicolás. *El resurgir del movimiento obrero*. Barcelona: Laia 1976.
- Saz, Ismael. "Y la sociedad marcó el camino. O sobre el triunfo de la democracia en España (1969-1978)." En *La sociedad española en la Transición: Los movimientos sociales en el proceso democratizador*, editado por Rafael Quirosa-Cheyrouze, 29-42. Madrid: Biblioteca Nueva, 2011.
- Terrón, Aida e Viñao, Antonio. "Educación, movimiento obrero y sindicalismo (España, siglo XX)". *Historia de la educación: Revista interuniversitaria*, 37 (2018): 69-114.
- Tuñón de Lara, Manuel. *Variaciones del nivel de vida en España*. Madrid: Península, 1965.
- Vega García, Rubén. *Las huelgas de 1962 en Asturias*. Gijón: Trea, 2002.
- Ysàs, Pere. *Disidencia y subversión: la lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975*. Barcelona: Crítica, 2004.
- Ysàs, Pere. "¿Una sociedad pasiva? Actitudes, activismo y conflictividad social en el franquismo tardío." *Ayer*, 68 (2007): 31-57.